

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**do 24 de setembro de 2015**

### **ACTA Nº 13/2015**

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte e unha horas do día vinte e catro de setembro do ano dous mil quince, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

#### **PERSOAS ASISTENTES**

Alcaldesa: D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D<sup>a</sup> María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño

D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D. Manuel Bartolomé Freire Eiras

D. Manuel María García Fernández

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández.

## **ORDE DO DÍA**

### **A.- .- Parte Dispositiva.**

- 1.- APROBACIÓN DE ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIORES (24.08.2015)**
- 2.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Ref. 02/2015).**
- 3.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO.**
- 4.- MOCIÓN DO GRUPO CxG SOBRE AS ACTIVIDADES CON ANIMAIS.**
- 5.- MOCIÓN DO GRUPO DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA.**
- 6.- MOCIÓN DO GRUPO DO BNG SOBRE A CUBERTA DA PISCINA.**
- 7.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

### **B .-Parte de control dos órganos de goberno.**

#### **8.- MOCIÓN DE URXENCIA.**

#### **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

\*\*\*\*\*

### **A.- .- Parte Dispositiva.**

Con carácter previo ao inicio da orde do día a Sra. alcaldesa somete á votación do Pleno a ratificación da inclusión das mocións na orde do día.

A Sra. Monteagudo Romero dubida de que unha persoa allea á Corporación poida presentar unha moción e pregunta ao secretario sobre a súa legalidade, informando este que a competencia para establecer a orde do día a ten a Alcaldía e esta foi feita pola Sra. alcaldesa.

A Sra. González Cerviño tamén dubida de que se poida tratar no Pleno unha moción presentada por unha persoa que non forma parte da Corporación e pide que o secretario emita informe xurídico. Tampouco entende por que hai que votar a ratificación de inclusión das mocións.

A Sra. alcaldesa contesta que é frecuente que se traten nos plenos mocións presentadas por persoas e organismos alleos ao Concello, e con respecto á ratificación da inclusión das mocións na orde do día é porque non foron ditaminadas polas correspondentes comisións informativas.

Sométese pola Alcaldía á votación do Pleno a ratificación da inclusión das mocións na orde do día, ratificándose cos votos a favor dos tres concelleiros/as de CxG e dos dous concelleiros/as do BNG e a abstención dos catro concelleiros/as do Grupo Popular e dos catro concelleiros/as do Grupo Socialista.

#### **1.- APROBACIÓN DE ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIORES (24.08.2015).**

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria e pregunta se hai algunha obxección sobre a acta da sesión plenaria do 24 de agosto de 2015.

A Sra. González Cerviño amosa a súa desconformidade en varios puntos, no punto dous non se recolle correctamente a súa intervención, en rogos e preguntas non constan as contestacións dadas pola Alcaldía, etc.

A Sra. alcaldesa manifesta que queda pendente a aprobación da acta para aclarar estes aspectos co Sr. secretario no próximo pleno.

#### **2.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Ref. 02/2015).**

A proposta vén co ditame favorable da comisión informativa.

A Sra. alcaldesa dá lectura á proposta.

Dá comezo o debate, intervindo en primeiro lugar a Sra. Monteagudo Romero, voceira do Partido Popular, que adianta o voto favorable do seu grupo, e manifesta que a maioría das facturas son de establecementos locais, non obstante, considera que non se debe abusar destas prácticas, que hai que facer ben os orzamentos e cumprilos.

A Sra. González, voceira do PSdG- PSOE, indica que o seu grupo non vai intervir.

O Sr. García Fernández, voceiro do BNG, considera que o Concello debe cumprir a lei no pagamento a provedores e anuncia o voto favorable do seu grupo.

Remata a Sra. alcaldesa manifestando que hai que reducir o tempo de pagamento, pero que este procedemento non se pode evitar.

Pola Alcaldía sométese á votación e o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos trece concelleiros/as presentes, aproba a seguinte proposta:

*“Visto o informe de intervención no que consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa non o tivesen sido naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.*

*Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan a continuación.*

*SEGUNDO.- Aplicar con cargo ao Presuposto do exercicio 2015 os créditos que figuran na seguinte relación.*

#### RELACIÓN DE FACTURAS:

Apelidos e nome ou razón social	Núm. documento	IMPORTES
Concepto da operación	Data documento	
<b>FERRETERÍA DOSIL, S.L.</b>	<b>13432</b>	<b>2.260,58</b>
Subministro material para brigada municipal de obras.	01/10/2014	
<b>GESTIÓN DE RESIDUOS SERPER GES. LOG. S.L.U.</b>	<b>426/GL14</b>	<b>599,50</b>
Servizo de recollida de residuos	30/09/2014	
<b>LOIS SIMÁNS, JOSÉ RAMÓN</b>	<b>N801-14</b>	<b>84,95</b>
Reparación de máquina desbrozadora	09/10/2014	
<b>LOIS SIMÁNS, JOSÉ RAMÓN</b>	<b>N817-14</b>	<b>128,50</b>
Reparación desbrozadora	20/10/2014	
<b>SUÁREZ BLANCO, FRANCISCO</b>	<b>A14000133</b>	<b>729,71</b>
Reparación de instalación eléctrica de motor	03/11/2014	
<b>WURTH ESPAÑA</b>	<b>1031023</b>	<b>134,67</b>
Subministro de material para a brigada de persoal operario	22/10/2014	
<b>WURTH ESPAÑA</b>	<b>1024791</b>	<b>198,29</b>
Subministro de material para a brigada de persoal	21/10/2014	

operario		
WURTH ESPAÑA	986652	155,36
Subministro de material para a brigada de obras.	10/10/2014	
WURTH ESPAÑA	1015701	269,25
Subministro de material para a brigada de obras.	20/10/2014	
ALUMINIOS TRILLO Y MARTINEZ, S.C.	2014FA00000084	118,48
Mantemento da iluminación pública	02/11/2014	
LAMELA PÉREZ ,DOMINGO	170	624,02
Subministración material para reparacións ordinarias	31/10/2014	
AGEITOS NÚÑEZ, JORGE	14/206	48,40
Mantemento cuberta do concello	17/10/2014	
INGENIERIA DE GESTIÓN INDUSTRIAL, S.L.	14/150/001401	82,54
Servizo de inspección periódica do ascensor do concello	20/11/2014	
FERNÁNDEZ MOLINOS, RECESVINTO	133	914,34
Reparación de rúas, colexios de Valdexería e cemiterio	25/11/2014	
BRICOFER FERRETERÍA	201400309	2.403,02
Subministro material para a brigada de persoal operario	31/10/2014	
BRICOFER FERRETERÍA	201400363	1.048,92
Subministro material para a brigada de persoal operario	29/11/2014	
BRICOFER FERRETERÍA	201400364	181,52
Subministro material para mantemento iluminación pública	29/11/2014	
LAMELA PÉREZ, DOMINGO	184	745,36
Subministro de material para reparacións ordinarias	29/11/2014	
FERRETERÍA DOSIL, S.L.	13609	108,21
Subministro de material de xardinería	29/11/2014	
FERRETERÍA DOSIL, S.L	13607	178,81
Sub. de material para mantemento do alumedo público	29/11/2014	
FERRETERÍA DOSIL, S.L.	13605	2.382,74
Subministro material para a brigada de operarios	29/11/2014	
LEÓN CAAMAÑO, JOAQUINA	115-14	9,00
Alfombra de entrada para antiga fábrica de Sel	19/11/2014	

A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA S.A.U. Subministración produtos para limpeza de maquinaria	14/07130	
WURTH ESPAÑA, S.A. Reparación de maquinaria da brigada de obras	1107832 10/11/2014	145,20
RAMACAR MUROS, S.L. Subministración bombona butano para o Cachón	50 16/12/2014	17,50
ESPINA&DELFÍN, S.L. Instalación de boca de rego en Tal	MR/3994 22/12/2014	402,74
ESPINA&DELFÍN, S.L. Renovación de boca de rego na rúa do Carme	MR/3993 22/12/2014	586,66
ESPINA&DELFÍN. S.L. Mantemento área recreativa do Acoradoiro	MR/3992 22/12/2014	231,03
ESPINA&DELFÍN, S.L. Mantemento de edificios, colexio de Esteiro	MR/3991 22/12/2014	79,06
ESPINA&DELFÍN, S.L. Mantemento de beirarrúas en Campo de Cortes	MR/3990 22/12/2014	536,60
FIGUEIRAS NÚÑEZ EDUARDO Materiais para reparacións ordinarias	139 31/08/2014	127,35
SANDE AGRA, JOSÉ Gastos tribunal do GES	06S/2013 19/07/2013	39,10

TOTAL: 16.026,59. “

### 3.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO.

#### “MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO”

A Sra. Alcaldesa dálle a palabra ao Grupo Popular.

O Sr. Vázquez Rama dá lectura á proposta presentada polo seu grupo.

Rematada a lectura a Sra. Monteagudo Romero manifesta que se trata de medidas que se poden adoptar desde o Concello.

A Sra. González Cerviño propón que se inclúa na moción todas e cada unha das peticións das ganderías galegas.

O Sr. García Fernández considera que se trata dunha proposta propagandística do partido, que apoiar o consumo non resolve o prezo do leite, esta campaña beneficia á distribución pero non afecta ao prezo mínimo para as ganderías. Opina que é o Estado o que ten que intervir como noutros países, que o problema é das marcas brancas que teñen un prezo moi por debaixo do de produción, e que os do PP deben coaccionar ao seu partido, e anuncia o voto en contra do seu grupo.

A Sra. alcaldesa opina que hai que pór en marcha as cámaras agrarias para celebrar eleccións que fai moitos anos que non as hai e non se sabe quen ten a representación; que se debería modificar o punto catro da moción e en vez de solicitar á Deputación a elaboración do plan, xa que hai catro deputacións en Galicia, dirixirse á Consellería.

A Sra. Monteagudo Romero opina que desde o Concello non se vai variar o prezo do leite pero pode promocionarse o seu consumo; que efectivamente é unha moción tipo para todos os concellos, como di o voceiro do BNG, e considera que a promoción do consumo do leite non ten que ver coas cámaras agrarias.

A Sra. alcaldesa considera que de pouco vale o que se pide se non hai medidas favorecedoras para os produtores, e en todo caso o plan tería que elaborarse en toda Galicia pola Consellería e opina que a Deputación pouco pode facer, que as competencias son da Consellería e non da Deputación.

Contesta a Sra. Monteagudo que non hai problema en suprimir o punto catro, ao que lle responde a Sra. alcaldesa que non hai problema en manter ese punto se o Partido Popular fai a mesma petición nas outras provincias.

O Sr. García Fernández opina que o feito de que non se pida á Consellería demostra que se trata dun tema propagandístico, que é un problema galego e non da provincia, que hai que apoiar as propostas que axuden aos/ás produtores/ras e que as peticións diríxense á Deputación porque é a administración que o PP non controla.

Responde a Sra. Monteagudo que tamén se refiren á Unión Europea, ao Estado e á Consellería.

A Sra. alcaldesa dá paso á votación da proposta de acordo, engadíndolle que se inclúan todas e cada unha das peticións das ganderías galegas, e o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, cos votos favorables dos/as catro concelleiros/as do PP, os/as catro do PSdG-PSOE e os/as tres de CxG e co voto en contra do concelleiro e concelleira do BNG, aproba a seguinte moción:

*“A voceira/concelleira do Partido Popular, Inés Monteagudo Romero, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO NOSO CONCELLO.*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O sector láteo galego en xeral vén sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.*

*Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca “Galega 100%”, que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.*

*Esta medida de valorización do noso produto de calidade completárase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de “Galega 100%” para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.*

*Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os consumidores.*

*Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante para a economía galega, e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propoño ao Concello de MUROS a aprobación dos seguintes ACORDOS:*

#### **ACORDOS**

**Primeiro:** *Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do Concello de Muros á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas “Galega 100%”.*

**Segundo:** *Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de “Galega 100%” entre os consumidores en xeral.*

**Terceiro:** *Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:*

*a) Difusión da campaña publicitaria de “Galega 100%”*

*b) Acción de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite “Galega 100%” e a visita a explotacións gandeiras e industriais lácteas adheridas á “Galega 100%”.*

*c) Medidas de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “Galega 100%”.*

*d) Medidas de entrega de leite “Galega 100%” nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos deste concello/provincia.*

**Cuarto:** *Solicitar á Deputación da Coruña que elabore un plan de apoio ao sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras en colaboración coas cooperativas, de forma coordinada con*



*outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.”*

#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO CxG SOBRE ACTIVIDADES CON ANIMAIS.**

A Sra. alcaldesa dá lectura á proposta.

A Sra. Monteagudo Romero opina que o circo é o que hai no Concello cos problemas de iluminación, recollida do lixo e piscina. Que o seu grupo non está nin a favor nin en contra dos animais no circo, que teñen que contar cos permisos necesarios e na man da Alcaldía está a súa autorización. Hai que promover que as crianzas poidan viaxar a granxas escola e a parques naturais onde poidan contemplar os animais no seu hábitat, e presenta a seguinte emenda para substituír a proposta da moción presentada:

*“Propoñemos a aprobación dos seguintes acordos:*

- 1. Que se comprobe que as instalacións con presenza de animais contén con todos os permisos pertinentes, que garantan unhas condicións dignas para os mesmos.*
- 2. Que o Concello de Muros promova actividades que permitan aos/as nosos/as rapaces/zas visitar lugares nos que se poida observar a vida animal en hábitats adecuados (granxas escolas, parques naturais....).”*

A Sra. alcaldesa contesta que non procede aceptar o primeiro punto e parécelle ben o segundo, pero manteñen a súa moción como está.

A Sra. González Cerviño manifesta que están en contra do maltrato aos animais pero tampouco están a favor desta moción, na que se dá por sentado que os animais non son ben tratados nos circos. Considera que non se deben prohibir os circos con animais e parécelle ben a proposta do PP.

Ao Sr. García Fernández parécelle unha boa proposta, no seu grupo son partidarios de que os animais vivan en liberdade, que se transformen os zoos en parques naturais e pide engadir:

- No parágrafo cinco “nin de ningún tipo de actividade que supoña a morte ou maltrato dos animais, como as touradas.”*
- No punto un, “e de calquera actividade que supoña a morte ou maltrato dos animais como as touradas.”*
- No punto dous, “nin calquera actividade que supoña a morte ou maltrato dos animais como as touradas.”*

- E no punto tres, “e de calquera actividade que supoña a morte ou maltrato dos animais como as touradas.”

Á Sra. alcaldesa parécelle ben a proposta do BNG. Con respecto ao manifestado pola voceira do PP opina que non ten que ver unha cousa coa outra. Acepta incluír a proposta do BNG e rexeita a do PP e do PSdG-PSOE.

A Sra. Monteagudo manifesta que o que dixo é algo que interesa á veciñanza.

Ao Sr. García Fernández parécelle ben o punto dous da emenda do PP.

A Sra. alcaldesa manifesta que non ten problema en engadir este segundo punto, pero non substituír a súa proposta pola do grupo popular, e dá paso á votación da moción, co engadido proposto polo BNG e co punto dous da proposta do PP, e o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, cos votos en contra dos/as catro concelleiros/as do PP, os/as catro do PSdG-PSOE e os votos a favor dos/as tres concelleiros/as de CxG e do concelleiro e concelleira do BNG, rexeita a seguinte moción:

*“ María Sambade Lloréns, representante local de Compromiso por Galicia no Concello de Muros, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para ser tratada pola corporación municipal.*

**Exposición de motivos:**

*Ninguén dubida da importancia de contar no noso concello con actividades e eventos variados que sirvan para ofrecer a propios e visitantes diversas alternativas de ocio, pero é igual de importante que esas actividades e eventos tamén sirvan para inculcar nos nosos nenos e nenas valores como o respecto polo medio ambiente e os animais.*

*De aí que consideremos necesario rematar con certas prácticas como o uso de animais en circos. Non sabemos se hai algún circo que empregue animais nos seus espectáculos e estes animais non sufran, pero si sabemos que hai circos que teñen aos animais en gaiolas minúsculas nas que malamente se poden mover, o que é un indicativo claro do maltrato que sofren eses animais.*

*A existencia de circos con animais fai que haxa animais que son sacados do seu hábitat natural ou criados en cautividade en condicións totalmente artificiais, forzados a vivir a maior parte das súas vidas engaiolados ou encadeados dentro de camións que viaxan centos de quilómetros, e obrigados a realizar comportamentos impropios a súa natureza baixo a ameaza constante de castigos.*

*Os espectáculos en que os animais en cautividade son exhibidos e forzados a actuar, non aportan valor educativo algún a nenos e nenas, público maioritario destes espectáculos. Non ensinan nada sobre o seu comportamento natural e ademais ofrecen unha visión da realidade distorsionada. Pero por se isto fora pouco, tamén serven de incentivo para o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.*

*Numerosos países e cidades de todo o mundo prohibiron a actuación de animais nos circos instalados nos seus territorios, preocupados polo benestar dos animais, como é o caso de India, Grecia, Austria, Suecia, Dinamarca, Hungría, Portugal e Perú entre outros.*

*Pero non só isto, tamén algún concello galego xa se adheriu a esta iniciativa de non permitir circos e espectáculos con animais, o que axuda á loita contra o tráfico ilegal de animais e á caza furtiva de especies protexidas.*

*Por isto, solicitamos que a corporación municipal adopte os seguintes ACORDOS:*

- 1- Declarar Muros como concello libre de circos con animais.*
- 2- Que o Concello de Muros non autorice, nin promova nin ampare a instalación de circos con animais no seu termo municipal.*
- 3- Que o Concello de Muros non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no seu termo municipal.”*

## **5.- MOCIÓN DO GRUPO DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA.**

O Sr. García Fernández dá lectura á moción e unha vez rematado manifesta que o que pretenden coa moción e abrir o debate sobre este problema, e pregunta se o Concello de Muros se adheriu á rede de concellos acolledores das persoas refuxiadas.

A Sra. Monteagudo Romero opina que non lle parece mal que o BNG presente esta moción pero considera que non se debería mesturar un tema humanitario cunha alegación anticapitalista e propón a seguinte emenda á moción presentada:

### *EMENDA DO GRUPO POPULAR Á MOCIÓN DO GRUPO DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA*

*“Propoñemos a aprobación dos seguintes acordos:*

*Que a atención ás persoas refuxiadas se asuma como unha cuestión de Estado e instamos a todas as Administracións Públicas:*

- 1. Que colaboren dun xeito coordinado para ofrecer unha resposta unificada, conxunta e solidaria a esta crise humanitaria, e en especial á Xunta de Galicia, ao Concello de Muros, e á Fegamp, para que en colaboración coas ONG's con presenza en Galicia elaboren e executen un plan de acollida para as persoas refuxiadas poñendo á súa disposición os recursos asistenciais dispoñibles para facer posible a súa acollida e integración.*
- 2. Seguir impulsando unha verdadeira política europea, común e integral, de inmigración e asilo, que debe contar con recursos financeiros suficientes.*
- 3. Reforzar a capacidade de resposta da Unión Europea ante situacións de emerxencia, como a que estamos a vivir.*
- 4. Impulsar a dotación de fondos europeos para reforzar e concentrar os esforzos de cooperación nos países de orixe e, en particular, dun Fondo Fiduciario Europeo para a axuda financeira aos países de África, inspirado nunha proposta realizada polo Goberno de España.*
- 5. Dar prioridade ao diálogo e á cooperación cos países de orixe e tránsito, así como cos países limítrofes das zonas de conflito na acollida de refuxiados.*

6. Colaborar cos países de tránsito para a protección das súas fronteiras e loitar contra as mafias que se lucran con esta traxedia humana.

7. Traballar xuntos en cantas iniciativas nos permitan lograr a paz e a estabilidade nos lugares de orixe das persoas refuxiadas.

8. Crear un rexistro municipal de casas de acollida e voluntariado pra atender e este colectivo.”

A Sra. González Cerviño manifesta que ao seu grupo parécelle ben a moción presentada.

O Sr. García Fernández acepta engadir na moción do seu grupo a emenda do PP.

A Sra. Monteagudo condiciona o acordo á eliminación da exposición de motivos.

O Sr. García contesta que así non aceptan a emenda do PP.

Á Sra. alcaldesa parécelle ben a moción do BNG e tamén a do PP, pero se non hai acordo votárase a moción do BNG. Informa que o Concello ofreceu a casa de Miraflores para acoller a persoas refuxiadas e que se solicitou á FEGAMP ou á FEMP a adhesión do Concello de Muros.

A Sra. González pregunta quen tomou o acordo, se foi por decreto ou foi a Xunta de Goberno Local, e pide ver a resolución.

A Sra. alcaldesa contesta que foi un acordo do grupo de goberno.

O Sr. García Fernández pide que se facilite esta información a través das redes sociais.

Contesta a Sra. alcaldesa que se está a actualizar a páxina web.

A Sra. alcaldesa dá paso á votación da proposta de acordo, e o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, cos votos favorables dos/as catro concelleiros/as do PSdG-PSOE, os/as tres de CxG, e concelleiro e concelleira do BNG, e co voto en contra dos/as catro concelleiros/as do PP, aproba a seguinte moción:

#### **“MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA**

*Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe impedir unha actuación urxente da unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.*

*Con efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe na rapina imperialista comandada polos Estados Unidos (EUA). Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.*

*Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, con inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizan como máis un pretexto para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán.*

*As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes países. É o pobo de Iraq, de Afganistán, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga inmensa de persoas refuxiadas –fundamentalmente sirias- que escapan da guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no Oriente próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais.*

*Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación desa unión Europea ao servizo da oligarquía non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e migrantes. No entanto, non será este tipo de medidas as que freen o problema.*

*Un dos exemplos máis evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se amontoar en condicións penosas nas fronteiras ou achan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.*

*No entanto, este drama que parece deixar indiferentes aos gobernos europeos, atinxe directamente á conciencia dos pobos. A xente, institucións de todo tipo e o nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe internacionalista, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ficar indiferentes nin pasivos. O Bloque Nacionalista Galego (BNG) esixe da Unión Europea mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes.*

*Ademais, o BNG quere denunciar abertamente as políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e defende:*

*Pór fin á intervención occidental na Siria en apoio dos chamados rebeldes e promover activamente o fin do conflito militar.*

*A retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente próximo e norte de África.*

*Respecto á soberanía dos pobos e da resolución política dos conflitos.*

*Unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.*

*O dereito do pobo Curdo á liberdade e á soberanía e o respecto dese dereito por parte de todos os Estados actualmente ocupantes do Curdistán.*

*O dereito do pobo palestino á paz e á liberdade no seu propio Estado independente.*

*A solidariedade internacionalista e a acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.*

*Consecuentemente, diante da traxedia que están a vivir as persoas refuxiadas e migrantes, solicitamos do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.*

*2.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e que participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.*

*3.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.*

*4.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.*

*5.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso concello.*

*6.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza.”*

#### **6.- MOCIÓN DO GRUPO DO BNG SOBRE A CUBERTA DA PISCINA.**

O Sr. García Fernández manifesta que por erro dirixiuse a moción á Alcaldía en vez de ao Pleno, e procede a súa lectura.

A Sra. Monteagudo Romero considera que se trata dun problema grave. Que en cen días de goberno houbo dúas comisións informativas e chega o momento de que o goberno empece a facer propostas. Parécelle ben a moción do BNG pero debería ser máis ampla, preocúpalle que vai pasar co persoal da piscina, e presenta a seguinte emenda:

*“EMENDA DO GRUPO POPULAR Á MOCIÓN DO GRUPO DO BNG SOBRE A CUBERTA DA PISCINA:*

*Propoñemos a aprobación dos seguintes acordos:*

*1. Que a Alcaldía do Concello de Muros elabore un informe sobre a obra de reparación e/ou substitución da cuberta da piscina municipal que faga referencia aos seguintes puntos: antecedentes, situación actual, previsións, situación do persoal da piscina. Así mesmo, deberá elaborar unha proposta que dea solución a problemática existente nesta instalación.*

*2. Que se convoque á comisión informativa permanente de Urbanismo, obras, servizos e medio ambiente para dar conta dese informe e estudo da proposta da Alcaldía.”*

A Sra. González Cerviño manifesta que xa preguntou no pleno anterior sobre a obra da piscina e se lle informou que había un problema coa dirección. Cando o seu grupo saíu do goberno a empresa adxudicataria estaba facendo unhas pezas para colocar no tellado, íase poñer un teito en ángulo e quitar as augas para fóra, xa estaba todo listo no mes de xuño e están no mes de setembro e non se fixo nada. Que o goberno anterior conseguiu a subvención, fíxose o proxecto e adxudicaron a obra, e estamos en setembro e non se fixo nada. A proposta do BNG recoñece que o goberno non poder quitar a auga da piscina, pero tampouco poden solucionar o problema do lixo nin da iluminación. O prazo da execución da obra era corto porque eles non querían ter a piscina pechada. Non se toman decisións porque non hai interese. Tomouse posesión en xuño e xa se collen vacacións, hai pouca responsabilidade. Non é culpa da empresa, é culpa de quen non toma decisións, e non pasa só coa piscina, devólvense subvencións para a iluminación pública, e para coñecer as noticias de Muros hai que ser socio dun grupo en Facebook. No pleno anterior contestouse que era un problema da dirección da obra polo que non ten coñecemento de problemas coa empresa adxudicataria polo que pide que cando se tomen decisións se fagan por escrito. O seu grupo apostou por mellorar as actividades, e a piscina era un exemplo de funcionamento e agora está pechada. Pide que se faga a obra.

O Sr. García Fernández está de acordo coa emenda do PP e parécelle ben que se convoque a comisión informativa unha vez ao mes para facer un seguimento. É preocupante que non se tomen decisións en cen días pero fai anos que chove na piscina.

A Sra. Monteagudo Romero opina que se debería convocar a comisión informativa mentres duren as obras e cunha periodicidade mensual.

A Sra. González Cerviño está de acordo coas peticións do BNG e do PP, e parécelle ben convocar a comisión informativa para tutelar o goberno, xa que non é capaz.

A Sra. alcaldesa contesta que non vai escudarse na herdanza recibida pero as goteiras teñen máis de tres meses, e máis dun ano. No pleno anterior a resposta que dou foi que houbo un cambio na dirección da obra e que o actual director di que hai un proxecto básico pero non de execución. Co cambio de goberno o director dimitiu e non hai proxecto de execución con todos os cálculos feitos, e o novo director non asume a proposta presentada pola empresa. Isto xerou a paralización das obras, houbo varias conversas coa empresa e co director, e hai que elaborar un proxecto de execución. Falouse coa Deputación pola subvención e non hai problema. Parécelle ben convocar a comisión informativa e agradece a colaboración do resto dos grupos, aos que xa lle

ofrecera formar parte da Xunta de Goberno. Ten que haber acordo entre o director da obra e a empresa. Anuncia o voto favorable do seu grupo á moción presentada.

A Sra. alcaldesa dá paso á votación da proposta de acordo, engadíndolle a emenda do Partido Popular, e o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade de todos/as os/as concelleiros/as, aproba a seguinte moción coa emenda do PP:

*“A concelleira e o concelleiro electos do BNG-AA, en representación da Asemblea Aberta do BNG de Muros, Paula Simal e Manu García,*

*EXPOÑEMOS:*

*1. Como xa puxemos de manifesto na pasada sesión plenaria, as instalacións da piscina municipal sofren unha serie de deficiencias, xa comentadas, que provocan a práctica inviabilidade do funcionamento da instalación.*

*2. O anterior goberno municipal, ante as goteiras existentes na piscina que provocan que o servizo non se preste nas adecuadas condicións, adxudicou a principios de ano a substitución do tellado da piscina municipal por importe de 90.000 € financiados integramente pola Deputación Provincial da Coruña. No seu momento anunciouse cun grande eco na prensa local que estas obras se executarían en quince días e que as mesmas non ían impedir o funcionamento da instalación.*

*3. Á vista do moito tempo transcorrido dende que se iniciaron as obras e posto que na actualidade as mesmas están practicamente paradas, resulta imprescindible solicitarlle tanto á empresa como á dirección de obra unha explicación razoable do que está ocorrendo antes do remate do verán, que lle permita ao Concello de Muros adoptar a mellor decisión para o futuro da piscina municipal. Máxime tendo en conta o prazo establecido no convenio coa Deputación que é o organismo que financia estas obras.*

*Polo exposto, SOLICITAMOS da Alcaldía do Concello de Muros:*

- Que por parte da Alcaldía do Concello de Muros se informe da situación real na actualidade da obra de substitución da cuberta da piscina municipal coas previsións de finalización das mesmas.*
- A convocatoria con carácter urxente dunha comisión integrada por todos os grupos municipais para estudar os problemas desta instalación.”*

## **7.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Pola Sra. alcaldesa indícase que se puxeron a disposición dos concelleiros e concelleiras os Decretos da Alcaldía número 458 ao 530 e as actas da Xunta de Goberno Local números 24 e 25.

## **B .-Parte de control dos órganos de goberno.**

## **8.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**



Non hai.

### **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A Sra. Monteagudo Romero, portavoz do Grupo Popular, fai as seguintes preguntas:

1.- Reitera a pregunta realizada no último pleno sobre as actividades extraescolares, qué vai haber e tamén se interesa como está a constitución do Consello Escolar.

A Sra. alcaldesa responde que tivo reunión cos centros e que vai haber amplas actividades extraescolares. Que se está para convocar o Consello Escolar pero que está á espera de que os centros e as ANPAS nomeen a súa representación, que desde o Concello xa se solicitou quen ían ser a representación e volverase a solicitar. Cre que se poderá reunir o próximo 5 de outubro.

2.- A que subvencións se renunciou, pide se emita informe.

Contesta a Sra. alcaldesa que se renunciou a dúas subvencións, que xa puxo os expedientes á disposición e que se emitirá informe.

3. En qué situación está a RPT?

A Sra. alcaldesa responde que aínda non se empezou a súa elaboración, que ten fixada unha reunión coa representación do persoal para o día un de outubro.

4.- Se está documentado o acordo do goberno de reunirse con persoal dos centros.

A Sra. alcaldesa responde que non, que se lles falou.

A Sra. González Cerviño, portavoz do PSdG.PSOE, fai as seguintes:

1.- Nunha reunión anterior xa solicitou copia do permiso de Portos para unha das primeiras festas organizadas polo Concello na zona portuaria, e pregunta novamente cando pode obter copia.

A Sra. alcaldesa contesta que vai falar co funcionariado.

2.- Que pasa coa recollida do lixo?

Responde a Sra. alcaldesa que da Mancomunidade din que hai un camión pequeno danado.

A Sra. González comenta que non se recolle o lixo, que a veciñanza preguntan cal é o problema, e se hai algún problema coa Mancomunidade ou con Fomento quere saber que medidas se van tomar para sacar o lixo da vila.

A Sra. alcaldesa contesta que como a Sra. González sabe hai un problema que atinxe a todos os concellos, de difícil solución, estase nun proceso de rescindir o contrato, e se hai que sacar o lixo da rúa farase, pero ten un custo económico elevado, estanse a valorar varias posibilidades e estase presionando como se pode.

3.- Por que non se poñen a funcionar os contedores soterrados?

Responde a Sra. alcaldesa que preguntou á Mancomunidade e lle informaron que o anterior goberno solicitou unha valoración do custo que supoñía recoller eses contedores e aínda non se recibiu, e considera que non foi serio gastar no soterramento dos contedores sen saber se ían funcionar.

4.- Que problema hai coa luz xa que desde que hai novo goberno raro é o día que non falla a iluminación desde a Virxe do Camiño ata Baño?

A Sra. alcaldesa responde que xa está solucionado, que se tivo que contratar unha empresa, pero que xa está solucionado.

5.- O goberno renunciou a subvencións pero non viron a renuncia en ningún acordo ou resolución, e pregunta se foi en Xunta de Goberno ou por decreto da Alcaldía.

A Sra. alcaldesa responde que se renunciou á subvención da substitución dos farois de parte do paseo marítimo, que ía quedar unha diferenza na iluminación, e manifesta que o problema do fallo da iluminación na zona de Baño foi por falta de mantemento destes últimos anos. E que si hai acordo para renunciar á subvención.

6.- Se funciona a gardería de Esteiro, que coñeceu que viñera o representante do Consorcio e quer saber se se fixo algo.

A Sra. alcaldesa informa que se fixo unha xornada de portas abertas e houbo unha reunión cos familiares das crianzas e a gardería xa está funcionado.

7.- Cando se van podar as árbores do paseo e cortar a herba dos xardíns.

A Sra. alcaldesa responde que cando sexa o tempo de facelo podaranse as árbores e os xardíns cando a brigada poida.

8.- A Sra. González manifesta que a Sra. alcaldesa dixera que había unha gravación do pleno e pide unha copia.

Contesta a Sra. alcaldesa que ela non a ten.

9.- Que arquitecto vai facer o proxecto da piscina?

A Sra. alcaldesa contesta que están a traballar entre o director da obra e a empresa, e de momento non se encargou ningún proxecto.

10.- A Sra. González comenta que tivo coñecemento que se modificou a liña de servidume de costas, que considera foi grazas ao traballo dos anteriores asesores, que é unha boa noticia, pero que faltan máis núcleos por resolver e roga se retome o tema e se insista para conseguir o mesmo para o resto dos núcleos.

11.- Pregunta ónde está o Sr. secretario.

A Sra. alcaldesa infórmalle que está de vacacións.

12.- Cántas Xuntas de Goberno se celebraron, que só se dá conta no pleno de dúas actas. Con respecto á acta do día 21 hai un pagamento dunhas débedas á Xunta de Galicia por importe de cincuenta mil euros, e pregunta de que son. Sobre a acta do 28 de agosto, só asistiron dous concelleiros e considera que é nula por haber menos de tres, polo que opina que os acordos son nulos.

A Sra. alcaldesa contesta que pode mirar os expedientes, pero a débeda correspóndese á devolución de parte de subvencións que non se executaron na súa totalidade.

12.- No decreto 521 resólvese que se faga cargo da Alcaldía o Sr. Quintela, e pregunta se a Sra. alcaldesa non estaba ou se estaba de vacacións.

A Sra. Alcaldesa contesta que estaba ausente do municipio.

13.- No decreto 522 autorízase a colocación dunha terraza na praza do Mercado, e quéixase a veciñanza de que están as mesas e cadeiras amontoadas nos bancos da praza, e que se trata dun establecemento se licenza.

A Sra. alcaldesa responde que se comprobará, xa que o establecemento estaba aberto antes das últimas eleccións.

14.- No decreto 550 apróbase unha modificación de crédito e pregunta para que foi.

O Sr. Quintela contesta que foi para xerar crédito para devolver esa parte da subvención á Xunta de Galicia.

A Sra. González pregunta por qué non se fixo en xunta de goberno.

O Sr. Quintela responde que era urxente, que había risco de perder unha subvención.

A Sra. González considera que se debería traer ao pleno e informar á corporación.

A Sra. alcaldesa responde que xa ten a información.

A Sra. González quere saber se vai traer ese asunto ao pleno.

Responde a Sra. alcaldesa que se traerá de ser necesario.

15.- No decreto 518 désígnase avogado e procuradores para procesos xudiciais, e pregunta se se lle fixo contrato.

A Sra. alcaldesa contesta que non, que se fixo como sempre e a designación é para levar os preitos.

A Sra. González pregunta como se lle pide copia do contrato ao avogado anterior e o actual non o ten.

A Sra. alcaldesa responde que o anterior avogado cobraba de maneira fixa e tamén os preitos, por iso lle pediu información, que ten que estar segura antes de pagar máis de vinte mil euros.

A Sra. González non lle parece normal que o novo avogado non teña contrato e se lle pida copia ao anterior. Manifesta que no día de onte no xulgado de Muros declararon en rebeldía ao Concello de Muros por non presentarse a defender unhas excepcións, non se mandou a ninguén a defender os intereses do Concello cos prexuízos que iso supón, e iso que o Concello estaba citado, e pregunta por que non compareceron.

A Sra. alcaldesa responde que a pesar de non ir á audiencia previa e que o anterior avogado non colaborou, o Concello vai estar defendido.

O Sr. García Fernández, portavoz do BNG, formula as seguintes preguntas e rogos, que presenta por escrito:

1.- No pleno anterior argumentamos a necesidade de crear un PLAN DE MANTEMENTO XERAL, para rematar coa improvisación dos últimos anos que levaron ao Concello a atoparse no lamentable estado de conservación e de limpeza dos espazos públicos dos que é responsable o goberno municipal. Este plan evitaría escenas esperpénticas como as que están a acontecer, por exemplo, na parroquia de Esteiro; onde o Concello vén de reasfaltar a rúa de entrada ao colexio Ricardo Tobío, a cal tiña boa falta, pero nada fixeron por amañar a beirarrúa que utilizan as crianzas que asisten a pé ao cole, as cales mostran graves danos estruturais e de mantemento. En relación a este punto preguntamos:

Vaise proceder por parte do goberno municipal a elaborar dito plan ou seguirán a política de ir remendando aquí e alá e que pasen os anos?

A Sra. alcaldesa responde que se vai facer un plan de mantemento.

2.- Vaise tomar algunha medida para a implantación de bocas de rego nos núcleos rurais onde non ten acceso o camión de bombeiros?

A Sra. alcaldesa contesta que de momento non se empezou, pero vai facerse, e pregunta se teñen algún punto concreto.

3.- Vaise tomar algunha medida para solucionar o risco de desprendemento da árbore de Somorto?

A Sra. alcaldesa contesta que se vai mandar cortar.

4.- Iniciouse o contacto coas persoas propietarias dos edificios ruinosos de Somorto, os cales presentan un grave risco de seguridade para os/as usuarios/as da zona?

A Sra. alcaldesa responde que non tivo contacto.

5.- Recolocouse o punto de luz no busto de Mestre Agrelo?

A Sra. alcaldesa responde que non, que se vai poñer pero que hai outras prioridades na iluminación.

6.- Iniciouse a elaboración dun novo procedemento para a contratación de persoal laboral que remate coas dúbidas de legalidade e transparencia sobre ditos procesos?

A Sra. alcaldesa contesta que está o funcionariado traballando e que se está a elaborar un novo sistema.

7.- Vanse levar a cabo as obras no colexio Ricardo Tobío relativas á recuperación do patio de recreo, de dotación dun parque infantil e de recuperación do escenario do salón de actos?

A Sra. alcaldesa contesta que xa se está traballando no escenario e no salón de actos.

8.- Vaise tomar algunha medida para a recuperación e a posta en valor dos Pozos do Chalón como espazo de interese turística?

A Sra. alcaldesa responde que si, pero que require obra, que se vai planificar o que se vai facer.

9.-Fíxose algunha actuación para avanzar na consecución de ADSL por cable para as parroquias de Abelleira e Torea?

A Sra. alcaldesa responde que se contactou con empresas para pedir opinións.

10.- Cal é o estado dos pozos de bombeo das depuradoras, os cales están a sufrir diversos vertidos incontrolados en distintos puntos?

A Sra. alcaldesa contesta que se contratou unha empresa para limpar os pozos de bombeo, que hai moita sucidade e entra auga do mar na depuradora a través da rede, que vai solicitar unha entrevista a Augas de Galicia.

11.- Que sucede co pozo de bombeo de San Francisco, o cal leva semanas emitindo un cheiro moi desagradable na zona?

A Sra. Alcaldesa contesta que non se trata do mesmo problema.

12.- Cal é o estado das obras na beirarrúa de fronte ao colexio Ramón de Artaza?

A Sra. alcaldesa contesta que están traballando, que colocaron mal o empedrado, levantouse e van volver a colocalo, que a obra xa se vai rematar.

13.- Vaise tomar algunha medida por parte do Concello para evitar que volva a suceder un incidente con transporte escolar en Torea?

A Sra. alcaldesa responde que se falou coa Deputación para saber se as obras que se están a facer son as previstas, xa que había setenta mil euros para asfaltar un tramo e contestaron que esas eran as obras que se ían facer. Que falou coa veciñanza, que a estrada leva anos pendente de ampliar e mellorar. Que se debería facer unha petición conxunta de todos os grupos para traer ao pleno e que a veciñanza se vai mobilizar. Hai que solicitar que a Deputación inclúa esta obra nun dos seus plans.

14.- Vaise tomar algunha medida para controlar a velocidade dos vehículos na zona da praia de San Francisco?

A Sra. alcaldesa contesta que se fará o mesmo que na zona escolar de Valdixería, que solicitou a Estradas a colocación de sinalización, e se non o fan terá que asumilo o Concello, pero ten un custo. Que a Consellería habitualmente non autoriza a colocación de badéns, e a sinalización é insuficiente.

### ROGOS

15.- Rogamos que, se non tiveron en consideración os rogos polos cales hoxe preguntamos, se teñan en conta xa pola urxencia de todos eles.

16.- E, mentres esperamos á elaboración do Plan de Mantemento Xeral, rogamos se actúe de maneira urxente nos seguintes puntos:

-Reparación da beirarrúa do Furón.

-Reasfaltado na rúa de Portugalete e a Virxe do Camiño.

-Reasfaltado na estrada do Acoradoiro.

-Reparación do paseo marítimo de Louro, o cal presenta deficiencias graves en distintos puntos.

-Levar a cabo tarefas de roce e mantemento con urxencia nas zonas máis concorridas por viandantes e deportistas, que eviten posibles esvaróns ou accidentes por ditos usuarios/as.

Ademais das preguntas e rogos formulados por escrito, o Sr. García Fernández roga:

17.- Que se solicite pintar pasos de peóns en Abelleira.

18.- Que tamén se controle o acceso á escola infantil de Esteiro xa que non teñen o mesmo horario que o resto das crianzas, e se sinalice ben a zona, posto que hai unhas lanchas que reducen a visibilidade.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e tres horas e vinte e oito minutos. Dou fe.